

A DIVERSIDADE CULTURAL NA SOCIEDADE DIXITAL: RESPOSTAS INSTITUCIONAIS E RETOS PARA A FORMACIÓN

José Vicente Castaño

1. Introducción

Conservar e defende-la diversidade cultural, nunha sociedade na que as novas tecnoloxías da información e da comunicación avanza con moita rapidez, está a resultar un gran reto para as institucións de tódolos ámbitos. Semella difícil e contradictorio saber compaxinar dúas forzas aparentemente opostas: unha delas *centrífuga*, que nos afasta do noso “centro” natural, e outra *centrípeto*, que tenta achegarnos cada vez máis a esa orixe. Algunhas institucións supranacionais, como a Unión Europea e a UNESCO, trataron –en diferentes tempos, xeitos e calado– a resolución deste paradoxo. Seguindo as súas directrices, o sistema educativo, e máis en concreto a educación superior, desempeña un papel esencial que se debe traducir en que, canto antes, asuma o liderado social no desenvolvemento da diversidade cultural, utilizando para isto –con conciencia de uso, e só como potente ferramenta– os recursos tecnolóxico-comunicacionais que a im-plantación xeneralizada do dixital implica.¹

2. Un contexto contradictorio

2.1. Diversidade cultural e sociedade dixital

A sociedade dixital caracterízase, fundamentalmente, pola xeneralización a escala mundial de tecnoloxías onde os sistemas analóxicos clásicos se transformaron en binarios. Esta dixitalización acompáñase irreversiblemente dun aumento das capacidades de transmisión e almacenaxe de datos, e da difusión global de redes telemáticas, o que permitiu que a información, de toda caste, circule a escala planetaria.

Esta sociedade da información non só transcende deste xeito as fronteiras nacionais, senón que case universaliza algúns valores, modelos e pautas de comportamento. Este é o movemento que denominamos “centrífugo”.

Por outra banda, e case de xeito simultáneo, esténdese a percepción da necesidade de valorar na súa xusta medida, rescatar, potenciar e difundir as peculiaridades culturais propias de cada pobo, rexión e nación. Alingua vernácula, as tradicións primitivas, as festas autóctonas da gastronomía propia, o patrimonio arquitectónico e monumental... teñen cada vez máis consideración entre os naturais e as institucións

máis próximas. Se lle engadimos a isto un exemplo máis –entre os moitos que se podían tirar– como a proliferación tamén cada vez maior de medios de comunicación locais e rexionais –“micro-medios”– que precisan encher de contidos diversos as súas páxinas e programacións, podemos concluír que existe unha “rexionalización” progresiva da sociedade: un movemento “centrípeto” que concentra e asimila os coñecementos propios e super-circunscritos.

2.2. Unha sucesión de paradoxos: a diversidade dixital

Ámbalas dúas forzas están acrecentando ós poucos a súa posición. As contradicións –aparentes ou reais– da dualidade globalización-rexionalización emerxen cada día manifestando xa non só o enfrontamento entre a inmaterialidade (do bit) e a materialidade (do átomo), senón outra serie de sen sentidos que poñen en perigo a diversidade cultural dos pobos e das rexións.

A creación dunha “cultura dixital” uniforme e global (caracterizada por unha linguaxe propia, unhas normas e protocolos concretos, unha economía exclusiva, uns problemas comúns...), a utilización dominante dunha lingua, a desaparición absoluta da dimensión espacial (eliminación das fronteiras nacionais, aparición do turismo cibernético, expansión da tele-educación e tele-traballo...), o illamento individual... dificultan a protección das culturas nacionais, poñen en dúbida a pluralidade das identidades, o coñecemento real do patrimonio, o respecto ás minorías e, en definitiva, a auténtica democratización das sociedades.

Nin diversidade cultural nin sociedade dixital. Nun mundo polarizado, no que os que teñen fan de máis e os que non teñen tamén, nós aproximámonos, se non chegamos xa, a unha “diversidade cultural”, onde está a resultar máis cómodo, sinxelo e común, aprecia-la pluralidade das culturas e dos pobos nas pantallas electrónicas conectadas a redes telemáticas.

3. A réplica institucional

Fronte a este panorama xurdiu, como non podía ser menos, unha resposta institucional. Resposta que, segundo o noso criterio, é inspirada exclusivamente polo temor. Temor ó descoñecido pero máis temor á dominación –unha nova colonización, á fin e ó cabo– dos países máis desenvolvidos sobre os menos. Dos chamados info-ricos (situados no centro e cos coñecementos e o poder para facilita-la información) sobre os info-pobres (situados na periferia e relegados a seren meros consumidores), duns valores consolidados sobre outros incipientes. É dicir, de Europa sobre Estados Unidos e Xapón, ou dos países do Caribe sobre os do poderoso G7.

3.1 UNESCO: bases fundamentais para a convivencia

Unha das institucións que antes perfila como necesario e prioritario o desenvolvemento da diversidade dos pobos e nacións é, debido á súa particular e plural composición, a UNESCO. Dende hai décadas tivo como unha das súas máximas o recoñecemento da importancia capital da cultura como instrumento de coñecemento e entendemento mutuo de tódolos pobos do mundo; algo que incluso se traduciu, máis recentemente, nun compromiso solemne. Na “Declaración sobre as Responsabilidades das Xeracións Actuais coas Xeracións Futuras” (12/Nov./1997) destácase de xeito esencial a necesidade de que as xeracións presentes preserven a diversidade cultural:

As xeracións actuais deberán velar por preservar a diversidade cultural da humanidade respectando debidamente os dereitos humanos e liberdades fundamentais. As xeracións actuais teñen a responsabilidade de identificar, protexer e conservar-lo patrimonio cultural material e inmaterial e de transmitir ese patrimonio común ás xeracións futuras. (Artigo 7).

Coa chegada da sociedade dixital, a UNESCO constatou mellor que ningún a importancia do dominio da tecnoloxía da información, a súa relación co desenvolvemento económico, social e cultural e a acentuación das diferencias existentes entre os países importadores e exportadores desta tecnoloxía. Deste xeito emprende unha dobre tarefa: dunha banda tenta buscar métodos de equilibrar e contrarrestar esta oposición de forzas; e por outra decídese –aínda que máis ben de xeito serodio xa que as primeiras iniciativas datan de mediados dos noventa– a empregar tamén estas tecnoloxías como instrumento para a difusión de ideas, coñecementos, proxectos impulsados neste senso.

No eido educativo un dos alicerces básicos desta institución foi e segue a ser obxectivo prioritario neste sentido. Na *Declaración Mundial sobre a Educación Superior no Século XXI* (9/Out./1998) non só se sinala que a educación debe:

Contribuír a comprender, interpretar, preservar, reforzar, fomentar e difundir as culturas nacionais e rexionais, internacionais e históricas, nun contexto de pluralismo e diversidade. (Artigo 1d).

Ademais, subliña (artigo 12) o potencial, os desafíos e a importancia da utilización das novas tecnoloxías, como instrumento útil para a imprescindible renovación dos métodos pedagóxicos, para facilita-lo acceso ó saber, corrixindo as graves desigualdades sociais existentes entre os países, adaptando as novas tecnoloxías ás necesidades locais

e rexionais, e promovendo o acceso equitativo a este tipo de infraestructuras.

A pesar da súa fama de utópica, a UNESCO ten en marcha varios proxectos e programas que dedican gran parte do seu orzamento a actividades relacionadas coa diversidade cultural, enmarcadas de xeito expreso na sociedade dixital. A Olimpíada Cultural 2000-2004 –que coa escusa dos Xogos Olímpicos de Atenas organizará un conxunto de actividades e manifestacións culturais de alcance global– ou o Foro Universal das Culturas de Barcelona 2004 –que constituirá unha iniciativa única de encontro, reforzo e mutuo coñecemento da diversidade cultural mundial– son só algúns dos exemplos máis visibles entre máis de trinta programas contemplados nos orzamentos para o período 2000-2001.

Entre os máis recentes pódese destaca-la chamada “iniciativa B@bel”, que promove o emprego do plurilingüismo e o acceso universal ó ciberespacio. Este proxecto, no que as universidades teñen unha importancia vital, pretende un triple obxectivo: promover unha ampla dispoñibilidade do patrimonio cultural e científico humano nas redes telemáticas introducindo o maior volume posible de información, facilita-lo uso evitando formas de segregación lingüística no acceso á información e contribuír á preservación dos idiomas minoritarios, impedindo a hexemonía dos maioritarios.

3.2 Unión Europea: os programas Cultura 2000 eEurope

A multiculturalidade dos pobos europeos é unha das máximas que aparecen constantemente en toda actividade política e social da Unión Europea. A convivencia de once idiomas oficiais –mais decenas de linguas vernáculos tamén oficiais en cada un dos países que integran a UE– non é máis ca unha pequena mostra da diversidade cultural dunha institución que, teoricamente, semella consciente da importancia da coexistencia dunha pluralidade de identidades culturais herdadas do pasado.

A xeneralización do uso das tecnoloxías da información non se viu como un risco importante que ameazara a diversidade e multiculturalidade de Europa, senón coma un poderoso factor económico. A pesar de ir en contra das iniciativas norteamericanas –o concepto de sociedade da información concretado en Europa por primeira vez Jacques Delors no 1994–, estase a construír un modelo moi característico de xestión que, sen embargo, está baseado no intercambio e na cooperación.

A Unión Europea, moi recentemente, adoptou dous programas que recollen este xeito de pensar e tradúceno nunha serie de pautas e iniciativas que queren ser fundamentais para lograr estruturar un sistema que compatibilice coherentemente sociedade dixital e diversidade cultural.

Dunha banda, e dende a política de información e de comunicación, acábbase de lanzar (marzo 2000) o programa “eEurope”, que xorde para accelera-la transformación de Europa na sociedade da información. A iniciativa pretende poñer ó alcance de tódolos europeos as vantaxes da sociedade dixital, dando pulo, en paralelo, á produción europea de contidos, baseados no seu patrimonio cultural e diversidade lingüística.

Este proxecto pon especial atención en dez áreas prioritarias que van dende a sanidade ós transportes. A educación e a xuventude teñen reservados os papeis máis importantes: os estados membros da Unión comprometéronse a conecta-las redes telemáticas a tódalas escolas antes do 2002 e os mozos europeos, antes do 2003, deben abandona-las aulas cunha educación dixital básica. Di un dos compromisos do Informe *Unha sociedade da información para todos*:

Tódolos estudantes europeos deben ser quen de acceder a través da rede a clases multimedia interactivas dende un campus europeo virtual composto de, cando menos, unha universidade ou universidade aberta ou a distancia ou centro de formación en cada Estado membro.

Outro programa europeo, “Cultura 2000”, establece un marco de cooperación en materia cultural que teña en conta e reforce as necesidades e peculiaridades propias do ámbito cultural de cada país.

A cultura é á vez factor económico, factor de integración social e de cidadanía, e por esta razón ten unha función importante que asumir perante os novos desafíos ós que se enfronta a comunidade, como a globalización, a sociedade da información, a cohesión social e a creación do emprego. (Decisión 508/2000 do PE e a Comisión).

O programa –cun orzamento de 167 millóns de euros, e que durará ata o ano 2004– concíbese como un instrumento de financiamento e programación dunha serie de actividades que promovan a cooperación cultural e que ten por obxectivos a promoción do diálogo e do coñecemento mutuo da cultura e da historia dos pobos europeos, a promoción da creación e difusión transnacional da cultura e da posta en relevo da diversidade cultural. Para concretar todo isto, contéplanse accións concretas como a creación de redes telemáticas de intercambio, a creación de produtos multimedia, o fomento da difusión mediática de acontecementos culturais en directo e a creación de novos medios de comunicación, utilizando as novas tecnoloxías.

O programa establece a cooperación necesaria con organizacións internacionais –como a UNESCO– e con institucións universitarias, para desenvolve-la relación entre tres sectores converxentes con intereses comúns neste ámbito: cultura, educación e xuventude.

4. Un reto para o sistema educativo: dez propostas de acción

Se é certo que se producen esas dúas forzas –centrífuga, centrípeta– que opoñen desenvolvemento e comprensión da diversidade cultural co avance meteórico das tecnoloxías da información e se, como vemos, institucións como a UE ou a UNESCO reclaman a participación activa dos sistemas educativos, estamos fronte a un gran reto para todos e cada un dos estamentos da comunidade universitaria.

Vista a nosa particular perspectiva, consideramos que se alguén debe aceptar este desafío de equilibra-las tensións producidas e de impulsar iniciativas que unan coherentemente a aprendizaxe e o uso intelixente –como instrumento, non como fin– das novas tecnoloxías da información co rescate e a protección da diversidade cultural é a Universidade. Como di Nettleford, o papel das universidades

... debería consistir en coordina-las políticas culturais nun mundo no que a diversidade cultural converteuse nun factor social clave e deberían ser quen de elaborar estratexias de cooperación que teñan en conta o ensino superior e garantan a preservación do patrimonio e dos valores culturais. Así mesmo, deben ser quen de amplía-lo contexto no que se imparte o ensino sen centrarse necesariamente na técnica.

Para acadar este obxectivo, en función do observado, ocorrensenos dez propostas de acción que poderían se-lo esbozo duns principios básicos no deseño dunha posible estratexia que se debería seguir:

1. A Universidade –e quizabes dun xeito moi especial a pública– debe asumir-lo rol de liderado no desenvolvemento da diversidade cultural, favorecendo o intercambio e a participación, por medio da promoción de actividades e iniciativas que impliquen a toda a comunidade.
2. Os centros educativos deben deseña-las súas propias políticas no eido da educación intercultural, en función do seu propio contorno e circunstancias, reclamando os medios e infraestructuras necesarios.
3. As institucións universitarias deben establecer un mecanismo que articule a diversidade cultural dende dentro da propia institución, garantindo a ausencia de exclusións, especialmente na promoción do uso das linguas autóctonas e na pluralidade relixiosa.
4. O sistema educativo debe capacitar ós alumnos mediante a creación de materias lectivas específicas, non só na aprendizaxe das novas tecnoloxías da información e da comunicación, senón na comprensión da diversidade cultural.

5. O profesorado –todo, sen exclusións de ningún tipo– debe aumentarl as súas destrezas no ámbito das novas tecnoloxías da información e comunicación, para evita-lo desfasamento e a creación, nun sector esencial, de analfabetos funcionais.
6. A educación superior debe ser un exemplo social en materia de aproveitamento das vantaxes o do potencial da sociedade dixital, velando sobre todo pola calidade nos contidos das súas series e soportes.
7. As universidades deben adapta-las novas tecnoloxías ás necesidades locais e rexionais, sen deixar de promover-la dimensión internacional, que favorece o intercambio cultural.
8. A investigación universitaria debe dedicar parte do seu tempo e recursos ó fomento da retroalimentación nestes dous ámbitos prioritarios –a diversidade e a sociedade dixital– para optimizar progresivamente as estratexias seguidas e evolucionar no ensino conforme á sociedade.
9. Débense aproveitar –para o cal primeiro haberá que coñecelos– os recursos económicos e programáticos ofrecidos por outras institucións nestas materias– e, reciprocamente, impulsar iniciativas para que estas as acollan e desenvolvan.
10. A Universidade debe alentar en toda a súa comunidade ‘a creación dunha conciencia crítica e dun espírito constructivo e tolerante, que denuncie o mal uso ou o abuso das tecnoloxías a das súas disfuncións sociais, e que edifique unha sociedade de respecto e comprensión na cooperación e a diversidade.

En resumo, o sistema educativo –e de xeito máis obrigado as universidades– teñen que asumir-lo protagonismo social no desenvolvemento da diversidade cultural, favorecendo o intercambio e a participación, dinamizando os procesos integradores e, sobre todo, aproveitando ó máximo, coa adopción dunha política coherente, as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

BIBLIOGRAFÍA

COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Una sociedad de la información para todos. Comunicación sobre una iniciativa de la Comisión para el Consejo Europeo.* Lisboa. DOC/00/8 de 23 marzo de 2000.

COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS: *Principios y directrices de la política comunitaria en el sector audiovisual en la era digital.* COM(1999) 657 (14 diciembre).

LIIKANEN, ERKKI: *Ten-Telecom and the eEurope Initiative.* Bruselas, 20 marzo 2000, (Speech/00/95).

NETTLEFORD, REX: *Movilizar el poder de la Cultura.* UNESCO, ED-98/CONF. 202/7.11, París, agosto de 1998.

UNESCO: *Declaración Mundial sobre la Educación Superior en el Siglo XXI: Visión y Acción.* ED-98/CONF. 202/3. París, 9 de octubre de 1998.

UNESCO: *Declaración sobre las Responsabilidades de las Generaciones Actuales para con las Generaciones Futuras.* 29ª Conferencia General, París, 12 de noviembre de 1997.

UNESCO: *Informe Mundial sobre la Comunicación y la Información 1999-2000.* Unesco, París, 2000.

UNESCO: *World Communication Report.* UNESCO Publishing, París, 1997.

UNESCO: *International UNESCO Symposium on Copyright and Communication in the Information Society.* Unesco, París, 1997.

UNIÓN EUROPEA: Decisión N°. 508/2000 del Parlamento Europeo y del Consejo (Establecimiento del Programa *Cultura 2000*). DOCE, 10 de marzo de 2000.